EXERCICIOS DE APOIO

Exercicios de realización libre. Coa realización destes exercicios preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquematices ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes elaborar unha táboa de modo que representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, estes exercicios tamén tratan de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información. De todas as maneiras, sempre se dá unha solución ou, polo menos, un modelo para orientarte.

1.- Caracteriza a poesía da xeración dos oitenta comparándoa coa poesía social dos sesenta e dos comezos dos setenta. Por que se di que os oitenta son unha década dourada para a poesía galega?

2.- Explica nunhas dez-quince liñas por que se considera a variedade como a principal característica da narrativa dos oitenta. Fala sobre o tema da Guerra Civil na década dos oitenta.

3.- Fala da achega dos membros da xeración da *Nova Narrativa* á novela dos oitenta.

4.- Escribe unhas quince liñas sobre os novos narradores que se incorporan á literatura galega na década dos oitenta.

5.- Comenta o desenvolvemento da novela histórica nos anos oitenta. Comenta dúas novelas desta etapa que recreen o mito do rei Artur.

6.- Redacta unhas dez liñas sobre a achega de Vidal Bolaño ao teatro galego na década dos oitenta. Analiza o teatro histórico da década dos oitenta: compara a xeración dos oitenta coa xeración de Abrente.

7.- Analiza a achega dos membros da *nova narrativa* na década dos noventa. Demostra a variedade temática da novela galega na década dos noventa.

8.- Explica nunhas 10-15 liñas o desenvolvemento da poesía no remate do anterior milenio.

9.- Cal é a obra de Manuel Rivas que acadou até o de agora unha maior sona? Fala dela.

10.- Sitúa a Suso de Toro dentro da xeración á que pertence. Cita outros membros da súa xeración. Con que outras xeracións de narradores conviven?

SOLUCIÓN:

1.

Cómpre salientar a entrada do intimismo ou a atención posta na linguaxe e na

técnica. Pola cantidade e calidade dos seus poetas, pertencentes a moi diversas xeracións.

2.

Porque conviven nela autores de diferentes xeracións, temas variados e técnicas moi distintas. Algunhas destas novelas poden ser consideradas verdadeiras novelas reportaxe coma as de Fernández Ferreiro ou Suárez Abel. Non esquezamos que a novela policial tamén é un subxénero que amosa moi ben os problemas sociais; de aí que se denomine tamén *novela negra*.

3.

Cómpre citar as achegas de Méndez Ferrín, Casares, Suárez-Llanos, María Xosé Queizán e Fernández Ferreiro.

4.

Cómpre non esquecer a Freixanes, Alfredo Conde, Reigosa, Alcalá, Cabana, Heinze... Aínda que moitos deles xa publicaran no remate dos setenta, a súa verdadeira consagración prodúcese na década dos oitenta.

5.

Cómpre citar a Bernárdez Villar, pero tamén a Freixanes, Queizán ou A. Conde, ou a historia próxima representada por *Os mortos daquel verán* e *A desfeita*. É necesario comentar *Galván en Saor* e *Amor de Artur*.

6.

Cómpre comentar obras como *Bailadela da morte ditosa*, *Agasallo de sombras* ou *Cochos*. Son obras de tema histórico: *Agasallo de sombras*, *Mesmo semellaban bruxas* ou *Pedro Madruga*. A xeración dos oitenta está máis preocupada pola técnica teatral, pola lingua ou pola innovación escénica e menos pola mensaxe social e política ca os dramaturgos de Abrente, pois escriben o seu teatro cando xa as institucións políticas propias dunha sociedade democrática se preocupan destes temas, cousa que non ocorría cando comezaron a escribir os de Abrente.

7.

Cómpre sinalar as achegas de Méndez Ferrín, Casares e Fernández Ferreiro, que publican nesta década obras que a crítica considera xa clásicas: *Arraianos, No ventre do silencio, Deus sentado nun sillón azul, Agosto do 36*. Están presentes todos os xéneros da novela, desde a intelectual á policial, desde a de aventuras á feminista. A variedade é signo de riqueza e de normalidade.

8.

Cómpre sinalar a riqueza da poesía galega, onde hai máis de 300 poetas en activo e publicando os seus versos. Estes poetas ademais pertencen a xeracións que van desde a máis veterana, a xeración do 36, ata a xeración máis nova dos anos noventa.

9.

Posiblemente sexa o conto *A Lingua das bolboretas*, pola versión cinematográfica que dela fixo José Luis Cuerda. Grande difusión acadou tamén *O lapis do carpinteiro*, que foi así mesmo un éxito en toda España traducida ao castelán.

10.

Pertence á xeración que se deu a coñecer na década dos oitenta e que confirmarán a súa mestría na década dos noventa. Xunto con Rivas, Suso de Toro é xa considerado unha das grandes figuras desta xeración e cítanse como obras de gran calidade *Polaroid, Tic-Tac, Calzados Lola, Círculo* ou *Non volvas*, premio da Crítica do ano 2001.